

LENDA DA DONCELA CERVA DE DONÍS



Existe unha lenda vinculada ao castelo de Doiras. Nel moraba un cabaleiro de nome Froiaz, cos seus fillos Egas e Aldara. O fillo doutro señor dun castelo próximo namorouse de Aldara. O seu amor foi correspondido e, co consentimento dos pais, anunciouse a voda.

Unha tarde, Aldara desapareceu. Pai e irmán, criados e escudeiros, ata o seu namorado, acompañado das súas xentes, foron na súa busca. Logo dalgúns días de procuras infrutuosas, consideraron definitiva a perda de Aldara, imaxinándoa malferida e devorada por algún animal.

Un día, Egas, estando de caza, divisou unha fermosa cervo branca e dun disparo acabou coa súa vida. Decatouse de que era imposible levala ata o castelo polo seu peso

excesivo, así que lle cortou a pata dianteira para sinalar que o animal lle pertencía ou para poder mostrar un trofeo que dese conta da súa fazaña. Cando foi mostrarlle ao seu pai a pata da cervo, viron atemorizados que o que Egas sacou da bolsa foi unha man fina, branca, suave, de doncela fidalga. Nun dos dedos relucía un fermoso anel de ouro cunha pedra vermella. Era o anel da desaparecida Aldara.

Moi apenados, correron cara a cima do monte onde Egas matara a cervo e atoparon, tendido no chan, o cadáver de Aldara, a quen lle faltaba unha man. Segundo conta a lenda, alguén debeu de encantala en figura de cervo e a morte encargouse de volvela ao seu estado natural.

Cervantes é un lugar para disfrutar do seu entorno e das súas xentes, cunha gran variedade de contos e lendas, e no que aínda hoxe pechando os ollos e oíndo contalos parece que nos trasladara a outra época, feito que nun momento complexo como o actual fai que estando aquí desconectemos do pesimismo diario, e que o que visita Cervantes e trata a súa xente volva sempre que pode.

Sergio López Valcarce, *El Progreso*, 29-04-2013

Entendemos o texto

1. Quen moraba no castelo de Doiras?
2. En que concello está o castelo de Doiras?
3. Por que abandonaron a busca de Aldara?
4. Para que lle cortou Egas a pata dianteira á cervo?
5. Que foi o que lles permitiu recoñecer a Aldara?
6. Explica coas túas palabras o seguinte anaco do texto:

“ Cervantes é un lugar para disfrutar do seu entorno e das súas xentes, cunha gran variedade de contos e lendas, e no que aínda hoxe pechando os ollos e oíndo contalos parece que nos trasladara a outra época, feito que nun momento complexo como o actual fai que estando aquí desconectemos do pesimismo diario, e que o que visita Cervantes e trata a súa xente volva sempre que pode.

Escribimos nós

1. Coñeces algunha lenda popular? Redacta un texto, semellante ao anterior no que a contes coas túas palabras. De non coñecer ningunha podes visitar á páxina web *Galicia encantada*:

<http://www.galiciaencantada.com/>

Investigamos na rede

1. En que provincia está o concello de Cervantes?
2. Como se chaman os naturais de Cervantes?
3. A que comarca pertence o concello de Cervantes? Por que se denomina así esta comarca?
4. Cal é o nome das construcións tradicionais de Cervantes e das Terras dos Ancares?
5. Con que outro nome se coñece o castelo de Doiras?

Recursos para a investigación

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Cervantes>

Créditos da fotografía-Autor

Fotografía publicada baixo licencia Creative Commons en Wikimedia Commons por

[SanchoPanzaXXI](#) :

http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Castillo_de_Doiras_%28Lugo%29.JPG